XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA SETE DE DECEMBRO DE DOUS MIL DEZASEIS

SRES/AS ASISTENTES: **SRA ALCALDESA-PRESIDENTA ACCTAL.:** D/DªMARIAN FERREIRO DIAZ **SRES/AS CONCELLEIROS/AS:** D/Dª GUILLERMO SANCHEZ FOJO D/Dª MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/Dª NATALIA HERMIDA RICO D/Dª M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/Dª CATALINA MARIA GARCIA BLANCO D/Dª PABLO VILLAMAR DIAZ **NON ASISTE**: D/DªJOSÉ M.BLANCO SUÁREZ (ALCALDE) **SRA. INTERVENTORA XERAL:** D/Dª MARIA DEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ **SR. SECRETARIO XERAL:** D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI.	Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do sete de decembro de dous mil dezaseis, baixo a presidencia da Sra. ALCALDESA-PRESIDENTA ACCTAL. , MARIAN FERREIRO DIAZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe. Actúa de secretario, DON ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL. Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

2 **.- PROPOSTA DE RATIFICACIÓN DE CESIÓN URBANÍSTICA NO LG. DE CHOUSAS-O FEAL.**.-

Acéptase a cesión ao Concello de Narón dunha parcela destinada a vial, no lugar de Chousas, de 337,97 m2; incorpoando a superficie descrita ó patrimonio municipal.

3 **.- PROPOSTA DE RATIFICACIÓN DE CESIÓN URBANÍSTICA NO LG. DE FORXAS-SAN XIAO.**.-

Acéptase a cesión ao Concello de Narón dunha parcela destinada a vial, no lugar de Forxas-San Xiao, de 39,00 m2; incorpoando a superficie descrita ó patrimonio municipal.

4 **.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONVENIO COA CONFRARÍA DE MARISCADORES E PESCADORES DE FERROL...**.- Vista a proposta formulada que di asi: O funcionario responsable de Asistencia á Secretaría Xeral, en data 05-11-2016, elevou ao Alcalde-Presidente o informe de código ASI10I0LT que di:

“

TIPO DE DOCUMENTO	Informe-Proposta de Acordo de Xunta de Goberno Local
EXPEDIENTE	ASI/34/2016: Convenio coa Confraría de Mariscadores e Pescadores de Ferrol
DESTINATARIO	Alcaldía / Servizos Económicos

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

ASUNTO	Aprobación do convenio

Os municipios de Narón, Ferrol, Neda ou Fene, comparten numerosas infraestruturas e servizos, sendo a propia ría de Ferrolterra un elemento natural de cohesión, desenvolvemento social, económico e de emprego.

Entre as actividades produtivas vinculadas á nosa ría, o marisqueo ocupa un lugar destacado, tanto polo número de familias economicamente dependentes desa encomiable tarefa, como polo propio volume de riqueza que aquel supón. O Concello de Narón, dentro do estreito marxe que habilita a normativa nesta materia, está a apoiar a actividade económica e o tecido industrial da nosa comarca, e é consciente da trascendencia deste sector económico. Así, recibiuse neste departamento a proposta de convenio que cristaliza o desexo deste Concello en participar activamente no fomento e desenvolvemento das funcións propias dese organismo (que aglutina no seu seo, directa ou indirectamente, a numerosas familias naronesas), a través de medidas de intervención administrativa que contribúan na acción dese colectivo cara fins de interese xeral mediante o outorgamento de incentivos, como son as subvencións públicas.

Á vista do anterior e a efectos de aprobar o convenio, resultan de aplicación os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

– Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL).

– RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local.

– Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.

– Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

– Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

– R.D. 887/2006, de 21 de xullo, que aproba o regulamento da Lei 38/2003.

– Lei 9/2007, de 13 de xullo, de Subvencións de Galicia.

– Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, que aproba o regulamento da Lei 9/2007.

– Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón.

– Bases de execución do orzamento en curso.

Establece a cláusula quinta do convenio, á vista da Ordenanza Xeral de subvención, a obriga da entidade conveniante de presentar a seguinte documentación antes da aprobación do convenio; a cal tivo entrada no rexistro en data 25/08/16 con número 13253:

- Anexos 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 10 cubertos e asinados pola Patroa Maior, nos modelos facilitados por este Concello.

- Memoria explicativa das actividades obxecto do convenio con presuposto de ingresos e gastos.

- Certificado de non ter débedas coa Axencia Tributaria de Galicia, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e coa Seguridade Social.

- Certificado do código IBAN da conta corrente da Confraría.

Por outra banda, obran no expediente o informe de inexistencia de débedas con este Concello (código TES10I0HO), o informe xurídico (código ASI10I0FY), de adecuación a dereito do convenio, e o informe de inscrición no rexistro de asociacións (código ASI10S083).

Polo anteriormente exposto, quen subscribe solicita á Alcaldía-Presidencia que someta a debate e votación da Xunta de Goberno Local a seguinte

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Narón e a **Confraría de Mariscadores e Pescadores de Ferrol**, nos seguintes termos:

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE NARÓN E A CONFRARÍA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL

CAPITULO 1: Identificación dos subscritores do convenio e capacidade xurídica

Dunha parte Don José Manuel Blanco Suárez, con DNI nº 32603432N, Alcalde-Presidente do Concello de Narón. Actúa en nome e representación desta Corporación Municipal, sendo designado alcalde na sesión plenaria de data 13 de xuño de 2015.

Doutra parte, Dª Mª Isabel Maroño Vázquez, con DNI nº 32707649Q, patroa maior. Actúa en nome e representación da Confraría de Pescadores e Mariscadores de Ferrol, con CIF G15035116 e enderezo social a efectos de notificacións no Edificio Lonxa-Muelle Curuxeiras, s/n (15401-Ferrol).

CAPÍTULO 2: Fundamento do Convenio

Os municipios de Narón, Ferrol, Neda ou Fene, comparten numerosas infraestruturas e servizos, sendo a propia ría de Ferrolterra un elemento natural de cohesión, desenvolvemento social, económico e de emprego.

Tras diversas actuacións de saneamento levadas a cabo nos Concellos de Fene, Mugardos e Ares, o catorce de xullo de 2013, a Xunta de Galicia, a Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia, os Concellos de Ferrol e Narón e a Sociedade Estatal Aguas de las Cuencas del Norte, S. A., asinaron un Convenio para a construción e explotación da actuación denominada "Interceptores Xerais da Marxe Dereita da Ría de Ferrol", coa que se pretende rexenerar aquela importante fonte de riqueza litoral, evitando a secular situación de incontrolados verquidos ás súas augas. Esta obra ten continuidade noutra actuación conveniada por este Consistorio con outras administracións públicas e aquela sociedade mercantil, a fin de estender o saneamento ata o veciño municipio de Neda.

Entre as actividades produtivas vinculadas á nosa ría, o marisqueo ocupa un lugar destacado, tanto polo número de familias economicamente dependentes desa encomiable tarefa, como polo propio volume de riqueza que aquel supón. É a Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, (modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro), a que define o marisqueo como o exercicio da actividade extractiva, desenvolvida a pé ou a flote, na zona marítima ou marítimo-terrestre, dirixido de modo exclusivo e con artes selectivas e específicas á captura dunha ou varias especies de moluscos, crustáceos, tunicados, equinodermos e outros invertebrados mariños, con fins de comercialización.

O Concello de Narón, dentro do estreito marxe que habilita a normativa nesta materia, está a apoiar a actividade económica e o tecido industrial da nosa comarca, e é consciente da trascendencia deste sector económico. Así, a través deste convenio cristalízase o desexo deste Concello en participar activamente no fomento e desenvolvemento das funcións propias dese organismo (que aglutina no seu seo, directa ou indirectamente, a numerosas familias naronesas), a través de medidas de intervención administrativa que contribúan na acción dese colectivo cara fins de interese xeral mediante o outorgamento de incentivos, como son as subvencións públicas.

CAPÍTULO 3: Obxecto

É obxecto deste documento fixar o establecemento dun marco de cooperación entre o Concello de Narón e a Confraría de Pescadores e Mariscadores de Ferrol, para contribuír aos gastos de funcionamento desta entidade, a fin de apoiar o desenvolvemento sostible da súa actividade ao longo do presente exercicio 2016, en atención ao incontestable interese público da actividade exercitada que afecta ao redor de oitocentas familias, e contribúe coa súa produción e posterior distribución, ao mantemento de postos de traballo e ao progreso de tan importante sector económico.

Os gastos de funcionamento da Confraría orixínanse dos propios servizos que prové: vixilancia dos bancos marisqueiros e percebeiros, control de capturas, establecemento de plans de explotación dos recursos mariños e facilitación da comercialización dos mesmos na Lonxa que xestiona a Confraría, garantindo a

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

todos os socios o cobro das súas capturas e o mellor prezo posible. Por outra banda, ofrécense aos socios outro tipo de servizos administrativos, coa preparación de documentos necesarios para o desenvolvemento da actividade pesqueira e marisqueira.

Froito destes conceptos, a Confraría incorre nunha serie de gastos en nóminas de persoal, combustibles, alugueres á actividade portuaria, profesionais (principalmente avogados), reparacións e subministros de material de oficina, auga, enerxía e telefonía.

É intención do Concello de Narón a colaboración na cobertura destes gastos, a partir da memoria económica que para eles deberá achegar a entidade.

Os anteditos gastos deberán estar realizados entre o 01/01/2016 e 0 30/11/2016.

CAPÍTULO 4: Descrición do convenio

O presente convenio contribuirá ao desenvolvemento das funcións propias da confraría, de acordo cos seus estatutos:

1. Como órgano de consulta e colaboración coa Administración:

- Orientar a todos os seus membros sobre as accións derivadas da aplicación da normativa concernente ao sector pesqueiro e, en particular, sobre axudas, subvencións e programas establecidos pola Administración Pública.

- Actuar como oficinas públicas, no referente á recepción, rexistro e tramitación de documentación dirixida á Administración da comunidade Autónoma, cando expresamente así se estableza en virtude de disposición regulamentaria.

- Promover actividades de formación dos profesionais nas actividades referidas á pesca.

- Servirlle como entidade de consulta á administración en todas as cuestións concernentes ao sector, en especial na elaboración das disposicións de carácter xeral que lle sexan sometidas.

- Elevarlle á Administración propostas sobre materias de interese pesqueiro e, en particular, sobre aquelas accións tendentes a mellorar as condicións técnicas, económicas e sociais da actividade pesqueira.

- Promover a creación de servizos comúns para os seus membros.

- Velar polo estrito cumprimento da normativa vixente en materia de pesca, de descarga, primeira venda e de comercialización dos recursos mariños.

- Colaborar coa Administración na elaboración das estatísticas do sector pesqueiro e marisqueiro e, en particular, remitir á Consellería competente en materia de pesca os datos relativos á descarga e primeira venda dos recursos mariños en fresco, no prazo máximo de dous días e na forma determinada regulamentariamente.

2. Así mesmo, na defensa dos intereses profesionais, correspóndenlle as funcións de:

- Promover a creación de servizos sociais, recreativos, culturais ou análogos para os seus membros.

- Xestionar as áreas da zona marítima e marítimo-terrestre que lle foran confiadas mediante o título administrativo habilitante correspondente, expedido pola administración competente.

- Xestionar a administrar aqueles bens patrimoniais que lle sexan cedidos por calquera administración pública para o cumprimento dos seus fins.

- Responsabilizarse da vixilancia da zona de dominio público marítimo e marítimo-terrestre que lle foran confiadas para o seu aproveitamento.

- Administrar os seus propios recursos e patrimonio.

- Promover a execución de plans de capturas, concentrar a oferta e regularizar prezos.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

- Establecer os plans de produción e comercialización co fin de mellorar a calidade dos produtos e adaptar o volume da oferta ás esixencias do mercado.

- Adoptar as medidas necesarias para a aplicación da política pesqueira comunitaria que sexan de competencia dos produtores.

- Fomentar o movemento asociativo como instrumento para a consecución dos obxectivos de ordenación e potenciación do sector.

- Prestar servizos de carácter xeral aos socios.

3. Desenvolver aqueloutras funcións que lle sexan atribuídas ou encomendadas pola administración pública.

Durante o período de vixencia do convenio, o Concello de Narón achegará:

- A achega económica reflectida no capítulo 6.

- Recursos humanos: asesoramento técnico-administrativo de Asistencia á Secretaría en todo o relacionado co contido do convenio.

Durante o período de vixencia do convenio, a entidade achegará:

- Infraestrutura necesaria para todas as actividades propias da Confraría, nos períodos que abrangue o convenio.

- A contratación do persoal necesario no marco da normativa aplicable vixente.

- Achega dos materiais que fosen precisos.

CAPÍTULO 5: Obrigas

Son obrigas da Confraría de Pescadores e Mariscadores de Ferrol:

1. Acreditar para a plena efectividade deste convenio de colaboración, a seguinte documentación:

- Memoria explicativa das actividades a desenvolver, incluído un presuposto estimativo de gastos e ingresos.

- Declaración responsable de estar legalmente constituída (Anexo A1).

- Declaración responsable da Patroa Maior sinalando se a entidade ten solicitada doutro organismo algunha subvención ou axuda para a realización dos mesmos programas e actividades (Anexo A2).

- Declaración responsable da Patroa Maior de non concorrencia con outras axudas municipais para a mesma finalidade (Anexo 10).

- Certificación de estar ao corrente ou non ter débedas co Concello de Narón, coa Axencia Tributaria, coa Comunidade Autónoma, e coa Seguridade Social.

- Declaración responsable da Patroa Maior de non estar incurso, tanto o asinante como a entidade, nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para obter a condición de beneficiario previstas no art. 13 da Lei 38/2003 (Anexo A4).

- Documento emitido por entidade financeira dos datos bancarios da entidade.

- Declaración responsable da Patroa Maior de que a entidade cumpre coa normativa vixente en materia de plan de autoprotección e prevención de riscos, de ser o caso (Anexo A6).

- Declaración responsable da Patroa Maior de contar cun seguro de responsabilidade civil e/ou de accidentes para o período de celebración das actividades obxecto deste convenio (Anexo A7).

2. Realizar os programas e actividades obxecto deste convenio.

3. Presentar a seguinte documentación para a xustificación do convenio, con data límite 23 de decembro, segundo o artigo 10 da Ordenanza Xeral de subvencións do Concello de Narón:

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

- Pequena memoria das accións desenvolvidas con cronograma, número de participantes por acción e desagregado por sexo, e avaliación. A memoria de actividades deberá contemplar a estrutura descrita no Anexo A8.

- Certificación do Secretario da entidade de execución da actividades obxecto do convenio (Anexo A9).

- Declaración responsable da Patroa Maior de concorrencia ou non concorrencia con outras axudas, convenios, etc. municipais, para a mesma finalidade (Anexo A10).

- Memoria económica (Anexo A11, Anexo A11-1, Anexo A11-2).

- Certificación da entidade aseguradora na que conste que durante o período de celebración das actividades obxecto deste convenio, estiveron cubertas por unha póliza de seguro.

- Certificación de estar ao corrente ou non ter débedas co Concello de Narón, coa Axencia Tributaria, coa Comunidade Autónoma, e coa Seguridade Social.

- Declaración responsable da Patroa Maior sobre a obtención de axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración Pública, de particulares ou de entidades privadas (Anexo A3).

- Declaración responsable da Patroa Maior de non estar incurso, tanto o declarante como a entidade, nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para ser beneficiarias ou percibir subvención da Administración públicas previstas no at. 13 da Lei 38/2003 (Anexo A4).

- Declaración responsable da Patroa Maior do non ter obrigas pendentes de pago por reintegro subvencións (Anexo A5).

- Declaración responsable da Patroa Maior de que a entidade cumpre coa normativa vixente en materia de plan de autoprotección e prevención de riscos, de ser o caso (Anexo A6).

- Publicitar a subvención recibida seguindo as seguintes normas:

1. No local da entidade deberá figurar na entrada ou recepción unha placa ou cartel, visible, indicando a colaboración do Concello de Narón coa expresión do escudo do concello e a lenda "Entidade cofinanciada polo Concello de Narón no ano 2016", segundo o modelo do Anexo A12.

2. No caso de campañas informativas, documentación propia de cada actividade, publicidade web, etc., a entidade deberá de utilizar o mesmo modelo do Anexo A12.

3. A xustificación do cumprimento da publicidade farase mediante fotografía de primeiro plano e fotografía contextual da placa ou cartel na entrada da entidade, exemplares da propaganda impresa, e enlace web onde estea inserida a publicidade.

4. Outras obrigas:

- Someterse ás actuacións de comprobación e control previstas no parágrafo d) do apartado 1 do artigo 15 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

- Remitir os informes, certificados e demais documentos que reclame o Concello, así como facilitar toda a información que lle sexa requirida no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

CAPÍTULO 6: Compromiso económico, obrigas e sistema de abono

O Concello de Narón asume en concepto de contribución municipal a cantidade de 12.000 €. Terá a consideración de subvención nominativa e como tal aparece recollida nos orzamentos desta entidade para o presente exercicio, con cargo á aplicación 20 43300 48000.

O pagamento realizarase unha vez presentada e aprobada a xustificación do convenio, nos termos establecidos na cláusula quinta.

CAPÍTULO 7 : Vixencia, revisión e resolución

- **Vixencia**. O presente convenio terá vixencia dende o 01/01/2016 ata o 31/12/2016.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

- **Revisión, causas e contidos**. O convenio poderá revisarse cando as circunstancias, finalidade ou obxecto para o que fose concibido variase substancialmente.
- **Resolución**. Nos casos puntuais contemplados na normativa vixente, e cando non se estea a cumprir o obxecto do convenio, interpretado discrecionalmente polo concello de Narón de acordo cos criterios fixados na normativa legal aplicable.

CAPÍTULO 8: Avaliación, seguimento e interpretación

No caso de detectarse incidencias ou dúbidas no desenvolvemento do convenio, estas serán tratadas a través dunha comisión composta por:

- O Concelleiro Delegado de Promoción Económica.
- A Xefa de Organización e RRHH.
- A Patroa Maior (ou persoa en quen delegue).

De persistir as incidencias ou dúbidas, a interpretación das mesmas será resolta por Resolución de Alcaldía.

CAPITULO 9: Réxime de compatibilidades

A subvención concedida a través deste convenio será compatible con outras subvencións, axudas ou ingresos coa mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a totalidade das axudas non supere o custo da actividade a desenvolver polo beneficiario.

A subvención concedida a través deste convenio será incompatible con outra subvención para o mesmo proxecto, procedente de Promoción Económica, outra área ou outra concellería do Concello de Narón.

CAPÍTULO 10: Natureza xurídica

O presente convenio ten natureza administrativa, subscribíndose no ámbito de aplicación de:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- R.D.L. 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Ordenanza Xeral de Subvencións do concello de Narón.
- Bases de execución do rozamento do exercicio 2016.

A subscrición do presente convenio non ten carácter contractual e non implicará relación contractual algunha entre o Concello de Narón e as persoas que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de xeito que por este concepto non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polo acontecido no desenvolvemento do convenio.

Serán competentes para coñecer de cantos litixios puideran xurdir entre as partes, como consecuencia do presente convenio, os Xulgados do Orde Xurisdicional Contencioso- Administrativo de Ferrol.

E en proba de conformidade co anterior asinan este documento, por duplicado e a un só efecto, en Narón, o día XXX”

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

SEGUNDO: Facultar ao Alcalde, José Manuel Blanco Suárez, para a sinatura do convenio e dos restantes documentos en que así proceda en relación ao mesmo, e como representante ante a entidade conveniante para a realización dos trámites necesarios para executar o mesmo de xeito satisfactorio."

Visto dito informe e logo da fiscalización favorable da Intervención deste Concello (informe adxunto de código **ICO10I05B**), esta Alcaldesa Accidental propón á Xunta de Goberno Local:

PRIMEIRO: Adoptar o acordo segundo a proposta transcrita en todos os seus termos.

SEGUNDO: Dar conta do mesmo aos Servizos Económicos de Concello e á entidade conveniante.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

5 **.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DO CONVENIO DO ANO 2015 COA ASOCIACIÓN AGROFORESTAL TERRA RENDIBLE.**.- Vista a proposta formulada que di asi: A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal con data 7-7-2016 emitíu o informe con proposta á Xunta de Goberno Local (documento aupac SSO10I139), que textualmente dí:

"INFORME-PROPOSTA DA XEFA DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL
Asunto: Proposta de aprobación da xustificación do convenio do ano 2015 coa entidade Asociación Agroforestal Terrarendible, en materia de Promoción Económica

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal que suscrebe, Yolanda Martínez García, en relación co asunto de referencia, emite o seguinte Informe-Proposta :

ANTECEDENTES.

En data 31-17-2014, mediante Concello Pleno, apróbase o convenio de colaboración coa entidade Asociación Agroforestal Terrarendible cunha vixencia dun ano dende a sinatura o 29 de setembro de 2014 , en materia de Promoción Económica

En data 29-12-2015, se presenta a xustificación do ano de vixencia, a cal se complementa con posteriores requirimentos e presentaciónes da documentación esixida.

En data 11 de xaneiro de 2016 a entidade procede ao reintegro de 1.632,59 € e data 6 de maio de 2016 procede ao reintegro de 113,94 € correspondentes ao importe non xustificado.

En data 20-6-2016, a Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, informa favorablemente a xustificación do convenio do ano 2015 coa entidade Asociación Agroforestal Terrarendible.

FUNDAMENTOS XURIDICOS

- *R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.*
- *Lei 38/20003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*
- *R.D. 887/20006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.*
- *Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réximen Xurídico das Administracións*

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Públicas e do procedemento administrativo común.

- *Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón.*
- *Convenio entre o Concello de Narón e a entidade obxecto deste informe.*
- *Bases de Execución do vixente orzamento.*

Por todo o exposto, a Xefa do Servizo Sociocomunitario, Yolanda Martínez García, informa ó Concelleiro Delegado en Materia de Promoción Económica para que propoña a Xunta de Goberno Local a adopción da seguinte proposta:

- *Aprobar a xustificación do convenio co ano de vixencia en materia de Promoción Económica, coa entidade Asociación Agroforestal Terrarendible, con C.I.F:G-70387360."*

Logo de ver o informe de intervención (doc INT10I0WJ),fiscalizando de conformidade en data 30-11-2016,o informe da Xefa do Servizo (doc SSO10I139) de data 7/7/2016 do EXP SSO/1/2016,deixando constancia das observacións que constan no apartado 5º do informe de fiscalización ,e da advertencia relativa a que debería tramitarse o procedemento correspondente para requirir os intereses de demora que procedan, O Concelleiro delegado en materia de Promoción Económica, propón a Xunta de Goberno Local a aprobación antedita.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

6 **.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS XUSTIFICACIÓNS DAS SUBVENCIONS CONCEDIDAS NA CONVOCATORIA DO ANO 2015 A DIVERSAS ASOCIACIÓNS E OUTRAS ENTIDADES DE ÁMBITO MUNICIPAL EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA.**.- Vista a proposta formulada que di asi: A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal emitiu o seguinte informe proposta con data 26 de setembro de 2016, que textualmente di así:

"ASUNTO: *Aprobación das xustificacións de subvencións concedidas baixo a convocatoria do ano 2015.*

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 30 de decembro de 2015, aprobou a concesión de subvencións a diversas asociacións e outras entidades de ámbito municipal, previa convocatoria do mesmo órgano de data 2 de xullo de 2015.

Rematado o prazo concedido para presentar as xustificacións destas subvencións, a Xefa do Servizo sociocomunitario, emite con data 26 de setembro de 2016 o seguinte informe:

*"**Asunto:** Informe sobre as xustificacións de subvencións concedidas baixo a convocatoria do ano 2015.*
Destinatario: *Expediente SSO/67/2015*

*Revisadas as xustificacións presentadas polo distinto movemento asociativo de Narón, para a convocatoria de subvencións do ano 2015, resolta o seguinte **INFORME:***

1º. Procédese a realizar a valoración técnica das xustificacións presentadas, segundo as bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Narón, na sesión celebrada o 26 de marzo de 2009 e publicadas no DOG num. 121 do 23 de xuño de 2009, e da convocatoria de subvencións para o ano 2015 aprobadas pola Xunta de Goberno o 2 de xullo de 2015.

2º.- Á vista da documentación presentada, estímase cumprimentados os requisitos administrativos de xustificación económica e técnica das seguintes subvencións:

CIF	NOME DA ASOCIACIÓN	IMPORTE CONCEDIDO	IMPORTE A XUSTIFICAR	IMPORTE XUSTIFICADO
G15365885	ANPA A BUXAINA	1.543,62 €	3.087,24 €	3.087,24 €

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

G15231608	AMPA "CEIP PONTE DE XUVIA"	1.543,62 €	3.087,24 €	3.087,24 €
G15247711	ANPA O BUXATO	1.498,88 €	2.997,76 €	2.997,76 €
G70408133	ASOCIAICÓN CULTURAL SEMENTE DE TRASANCOS	1.454,14 €	2.908,28 €	2.908,28 €
G70087168	ASOC BBTTA	1.588,37 €	3.176,74 €	3.176,74 €
G15620628	AFAL FERROLTERRA - ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS	1.812,08 €	3.624,16 €	3.624,16 €
G15028889	ASOCIACIÓN NUESTRA SEÑORA DE CHAMORRO	1.812,08 €	3.624,16 €	3.624,16 €
G15121676	ASOCIACIÓN DE PERSOAS XORDAS DE FERROL AXF	1.812,08 €	3.624,16 €	3.624,16 €
G15524614	AFAES PORTA NOVA	1.812,08 €	3.624,16 €	3.624,16 €
G15029176	COCINA ECONÓMICA DE FERROL	1.655,48 €	3.310,96 €	3.310,96 €
G15154230	ASOCIACIÓN EX ALCOHOLICOS DE FERROLTERRA	1.700,00 €	3.400,00 €	3.400,00 €
G15851280	ASOCIACIÓN PARKINSON FERROL - FERROLTERRA	2.013,42 €	4.026,84 €	4.026,84 €
G15218050	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS ALTEA	700,00 €	1.400,00 €	1.400,00 €
G15072705	A.VV "OS IRMANDIÑOS"	1.275,17 €	2.550,34 €	2.550,34 €

3º.- Á vista da documentación presentada estímase xustificada unha parte da subvencións, polo que procede o reintegro da parte non xustificada, nas seguintes subvencións:

CIF	NOME DA ASOCIACIÓN	IMPORTE CONCEDIDO	IMPORTE A XUSTIFICAR	IMPORTE XUSTIFICADO	IMPORTE SEN XUSTIFICAR	REINTEGRO SUBVENCIÓN
G15202559	CLUB JUBILADOS Y PENSIONISTAS SANTA CECILIA	1.000,00 €	2.000,00 €	666,68 €	1.333,32 €	666,66 €
G15773013	ASOC.C.N.G. MARCHA MUNDIAL DAS MULLERES	1.342,28 €	2.684,56 €	2.087,98 €	596,58 €	298,28 €
G70385091	XERACION ASOCIACIÓN CULTURAL	1.365,65 €	2.731,30 €	2.465,79 €	265,51 €	132,75 €
G15678592	ASPANEMI - ASOCIACIÓN DE PAIS DE NENOS CON MINUSVALÍA	500,00 €	1.000,00 €	980,00 €	20,00 €	10,00 €
G15058647	ALCER CORUÑA	1.390,00 €	2.780,00 €	556,00 €	2.224,00 €	1.112,00 €
G15161573	ASOCIACIÓN SOCIOCULTURAL ASCM	1.387,02 €	2.774,04 €	2.771,20 €	2,84 €	1,42 €
G15151384	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE CASTRO "OS CRUCEIROS"	1.566,00 €	3.132,00 €	2.643,83 €	488,17 €	244,08 €
G15215080	AVV GÁNDARA BARRIO SANTIAGO APOSTOL	1.387,02 €	2.774,04 €	2.157,55 €	616,49 €	308,23 €

“

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- *Bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Narón na sesión celebrada o 26 de marzo de 2009.*
- *Bases de execución do Orzamento Municipal para o exercicio 2015.*
- *Ordenanza Xeral de Municipal de Subvencións.*
- *Lei 28/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións e a normativa que a desenvolve.*
- *RD 887/2006 de 21 de xullo que aproba o regulamento da Lei 28/2003.*
- *RD lexislativo 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais.*

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

En base ao anterior, a Xefa do Servizo sociocomunitario, Yolanda Martínez García propón á Concelleira delegada de Participación Cidadá eleve a Xunta de Goberno Local o seguinte:

1º.- Aprobar a xustificación total das subvencións concedidas as seguintes entidades:

CIF	NOME DA ASOCIACIÓN	IMPORTE CONCEDIDO	IMPORTE A XUSTIFICAR	IMPORTE XUSTIFICADO
G15365885	ANPA A BUXAINA	1.543,62 €	3.087,24 €	3.087,24 €
G15231608	AMPA "CEIP PONTE DE XUVIA"	1.543,62 €	3.087,24 €	3.087,24 €
G15247711	ANPA O BUXATO	1.498,88 €	2.997,76 €	2.997,76 €
G70408133	ASOCIAICÓN CULTURAL SEMENTE DE TRASANCOS	1.454,14 €	2.908,28 €	2.908,28 €
G70087168	ASOC BBTTA	1.588,37 €	3.176,74 €	3.176,74 €
G15620628	AFAL FERROLTERRA - ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS	1.812,08 €	3.624,16 €	3.624,16 €
G15028889	ASOCIACIÓN NUESTRA SEÑORA DE CHAMORRO	1.812,08 €	3.624,16 €	3.624,16 €
G15121676	ASOCIACIÓN DE PERSOAS XORDAS DE FERROL AXF	1.812,08 €	3.624,16 €	3.624,16 €
G15524614	AFAES PORTA NOVA	1.812,08 €	3.624,16 €	3.624,16 €
G15029176	COCINA ECONÓMICA DE FERROL	1.655,48 €	3.310,96 €	3.310,96 €
G15154230	ASOCIACIÓN EX ALCOHOLICOS DE FERROLTERRA	1.700,00 €	3.400,00 €	3.400,00 €
G15851280	ASOCIACIÓN PARKINSON FERROL - FERROLTERRA	2.013,42 €	4.026,84 €	4.026,84 €
G15218050	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS ALTEA	700,00 €	1.400,00 €	1.400,00 €
G15072705	A.VV "OS IRMANDIÑOS"	1.275,17 €	2.550,34 €	2.550,34 €

2º.- Aprobar a xustificación parcial das subvencións concedidas as seguintes entidades, con indicación do importe que deben reintegrar:

CIF	NOME DA ASOCIACIÓN	IMPORTE CONCEDIDO	IMPORTE A XUSTIFICAR	IMPORTE XUSTIFICADO	IMPORTE SEN XUSTIFICAR	REINTEGRO SUBVENCIÓN
G15202559	CLUB JUBILADOS Y PENSIONISTAS SANTA CECILIA	1.000,00 €	2.000,00 €	666,68 €	1.333,32 €	666,66 €
G15773013	ASOC.C.N.G. MARCHA MUNDIAL DAS MULLERES	1.342,28 €	2.684,56 €	2.087,98 €	596,58 €	298,28 €
G70385091	XERACION ASOCIACIÓN CULTURAL	1.365,65 €	2.731,30 €	2.465,79 €	265,51 €	132,75 €
G15678592	ASPANEMI - ASOCIACIÓN DE PAIS DE NENOS CON MINUSVALÍA	500,00 €	1.000,00 €	980,00 €	20,00 €	10,00 €
G15058647	ALCER CORUÑA	1.390,00 €	2.780,00 €	556,00 €	2.224,00 €	1.112,00 €
G15161573	ASOCIACIÓN SOCIOCULTURAL ASCM	1.387,02 €	2.774,04 €	2.771,20 €	2,84 €	1,42 €
G15151384	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE CASTRO	1.566,00 €	3.132,00 €	2.643,83 €	488,17 €	244,08 €

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

	"OS CRUCEIROS"					
G15215080	*AVV GÁNDARA BARRIO SANTIAGO APOSTOL*	*1.387,02 €*	*2.774,04 €*	*2.157,55 €*	*616,49 €*	*308,23 €*

3º.- Acordar o reintegro, por parte das entidades relacionadas no apartado 2º, dos importes correspondentes que no mesmo se indican para cada una delas.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis conveniente."

En data 1 de decembro de 2016 a Intervención Xeral fiscaliza de conformidade o antedito informe-proposta, coas observacións que constan no Informe de fiscalización (doc. INT10I13L),
En base ao anterior, a Concelleira Delegada de Participación Cidadá propón á Xunta de Goberno Local o antedito.
VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

7 **.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA APROBATORIA DA PRÓRROGA AUTOMÁTICA DO CONVENIO DE COLABORACIÓIN ENTRE O CONCELLO DE NARÓN E A UNIVERSIDADE DE A CORUÑA EN MATERIA DE TRANSPORTE ESCOLAR- BONO BUS UNIVERSITARIO, APROBACIÓN DE BASES E CONVOCATORIA DE AXUDAS, E ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE TRANSPORTE.**.-
Vista a proposta formulada que di asi: A xefa do Servizo Sociocomunitario, Mª Yolanda Martínez García, en data 29/11/2016, ditou o Informe-Proposta da Xefa do Servizo Sociocomunitario para Resolución da Alcaldía, que literalmente transcrito dí:
"ASUNTO: Prórroga automática do convenio de colaboración entre o Concello de Narón e a Universidade de A Coruña en materia de transporte escolar diario – Bono Bus Universitario, aprobación de bases e convocatoria de axudas, e adxudicación do servicio de transporte.

ANTECEDENTES:

O Concello Pleno en sesión ordinaria celebrada o 31 de xullo de 2014, aprobou o convenio de colaboración entre o Concello de Narón e a Universidade de A Coruña, que ten como finalidade regular a axuda para o transporte dos/as veciños/as do Concello de Narón matriculados na Universidade de A Coruña, no campus de A Coruña. O período de validez deste convenio é por dous anos (Cursos Académicos 2014-2015 e 2015-2016).

Rematado o curso académico 2015-2016 e atendendo ao establecido na cláusula 10ª do texto do convenio, procede a prórroga automática para poder abrir o prazo de solicitudes para a bonificación do transporte universitario do xa iniciado Curso Académico 2016-2017.

Consonte establece a cláusula 8ª do convenio e, dado que a liquidación definitiva do curso 2015-2016 aprobouse en Xunta de Goberno Local do 06-10-2016, a Universidade ten de prazo para o ingreso da liquidación definitiva ata o 06 de xaneiro de 2017.

A concesión destas axudas ven regulada nos art. 2 ao 5 do convenio por unha convocatoria anual.

Por outra banda o art. 6 deste convenio establece: "O Concello de Narón adxudicará, unha vez aprobada a convocatoria de axudas para este fin, a prestación do servizo de transporte dos estudantes veciños/as de Narón matriculados na Universidade da Coruña, para o campus de A Coruña, ás empresas de transporte regular que xa son concesionarias deste servizo".

Debido á urxencia da tramitación deste expediente para poder dar cumprimento ao establecido no propio texto do convenio, e tendo en conta que a Xunta de Goberno Local ten delegadas as competencias nesta materia, é polo que o acordo deberá ser adoptado pola Alcaldía, por avocación de competencias, dándose conta do mesmo á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que celebre, en base ao establecido no art 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Existe consignación económica adecuada e suficiente para o período setembro-decembro 2016, con cargo á aplicación orzamentaria 07/32600/47200.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común nas AA.PP.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
- Real Decreto 293/2016, de 15 de xullo, polo que se establecen os umbrais de renda e patrimonio familiar e as contías das becas e axudas ao estudio para o curso 2016-2017 e se modifica parcialmente o Real Decreto 1721/2007, de 21 de decembro, polo que se establece o réxime das becas e axudas ao estudio personalizadas.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Ordenanza xeral municipal de subvencións do Concello de Narón.
- Convenio de colaboración entre o Concello de Narón e a Universidade de A Coruña.
- Informe urxente de necesitade da Xefa do Servizo Sociocomunitario de data 21/09/2016.
- Bases municipais da convocatoria.
- Bases de execución do orzamento do exercicio 2016.
-

Á vista do exposto, esta xefatura do Servizo Sociocomunitario, propón á Alcaldía que RESOLVA :

1.- AVOCAR da Xunta de Goberno Local a facultade de aprobación da prórroga do convenio referido, de aprobación de bases e convocatoria de axudas, así como a adxudicación do servicio de transporte, polos motivos expostos, dando conta a ese órgano do adoptado neste acordo.

2.- Aprobar a prórroga do convenio de colaboración en materia de transporte universitario Bono-Bus Universitario, para os vindeiros cursos académicos 2016-2017 e 2017-2018, entre o Concello de Narón e a Universidade de A Coruña.

3.- Aprobar as Bases reguladoras das axudas para o bono bus universitario, para o desprazamento diario dos/as veciños/as do Concello de Narón matriculados/as na Universidade de A Coruña, nas

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

facultades do Campus de A Coruña, e a súa convocatoria para o curso académico 2016-2017 (ANEXO I).

4.- Adxudicar á empresa ARRIVA NOROESTE, S.L., con CIF-B-82387176 (única empresa de transporte regular concesionaria deste servizo), por un importe de 18.980,00 €. o servizo de transporte diario ás facultades do Campus de A Coruña na Coruña, polas cantidades e períodos académicos que se indican, con cargo á aplicación orzamentaria **07/32600/47200**, e co desglose que a continuación se detalla:

- Período setembro de 2016 a decembro de 2016: 7.592,00 € (A=17/2016)

- Período xaneiro de 2017 a xuño de 2017: 11.388,00 € (RC=101/2017)

A cantidade correspondente ao período xaneiro-xuño de 2017, quedará supeditada á existencia de crédito na aplicación orzamentaria 07/32600/47200 do exercicio económico do ano 2017.

A facturación será mensual segundo os bonos canxeados e nas facturas deberán constar os seguintes datos: OFICINA CONTABLE : LA0002628 ; ÓRGANO XESTOR : L01150546 ; UNIDADE TRAMITADORA : LA0002526."

Logo de ver o Informe de Fiscalización de conformidade por parte de Intervención de Fondos **(FIS10I06B - A 17/2016 e RC 101/2017)** coas observacións que se fan no mesmo, esta Alcaldía, en uso das facultades que lle confire a Normativa Legal vixente, RESOLVE :

Aprobar a proposta transcrita nos seus propios termos.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

8 **.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL CORRESPONDENTE Á TAXA POR SERVIZOS PRESTADOS POLO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO (ESCOLAS DE FAMILIA).**.- Vista a proposta formulada que di asi: Á vista do informe-proposta da xefa do servizo Sociocomunitario de 30.11.2016 polo que se propón a aprobación do padrón fiscal correspondente á taxa por servizos prestados polo Servizo Sociocomunitario, (escolas de familia) correspondente ao **mes de novembro do ano 2016** e do informe do xefe do servizo de Intervención e Facenda. De conformidade co establecido no Artigo 175 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formúlase a seguinte proposta á Xunta de Goberno Local:

Primeiro: Aprobar o padrón fiscal correspondente á taxa por servizos prestados polo Servizo Sociocomunitario (escolas de familia), correspondente ao **mes de novembro do ano 2016**, (….) cun importe de 228,20 euros e 28 usuarios.

Segundo: De acordo co disposto no artigo 75 da ordenanza fiscal xeral de xestión, recadación e inspección, o padrón será exposto o público durante un prazo de quince días, que se contarán a partir do día seguinte da publicación do anuncio no BOP. O anuncio de publicación ten os efectos de notificación colectiva, ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e artigo 24 do RXR.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

O prazo de cobro, en período voluntario, será de dous meses, e comprenderá dende o 14 de decembro de 2016 ata o 14 de febreiro de 2017, ámbolos dous inclusive. Transcorrido este prazo, procederase a esixir os xuros de mora e os recargos que establecen os artigos 26 e 28 da Lei xeral tributaria e, no seu caso, as costas derivadas do procedemento de prema.

Terceiro: Durante o periodo de exposición pública os interesados poderán examinar o padrón e interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes ante a Xunta de Goberno Local.

Cuarto: Finalizado o prazo de exposición pública os interesados poderán interpor recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado dende o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES a contar dende o día seguinte ó da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei das FFLL, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos estabelecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemente Administrativo Común das Administracións Públicas. Con todo, se se considera conveniente, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

Quinto: Proceder ao cobro, por vía telemática a través do Caderno 19, dos recibos correspondentes a esta cobranza que figuren correctamente domiciliados.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

9 **.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DOS PADRÓNS FISCAIS DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA E LIBRE CONCORRENCIA DO MES DE NOVEMBRO DE 2016.**.- Vista a proposta formulada que di asi: Á vista dos informes- proposta de resolución da xefa do Servizo Sociocomunitario no que se propón a aprobación dos padróns fiscais correspondentes ás taxas pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de **Dependencia** e na modalidade de **libre concorrencia**, do mes de novembro de 2016 e do informe do xefe do servizo de Intervención e Facenda. De conformidade co establecido no Artigo 175 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formúlase a seguinte proposta á Xunta de Goberno Local:

Primeiro: Aprobar o padrón fiscal da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar- **dependencia** correspondente ao mes de novembro de 2016 (….) cun total de 119 usuarios e por un importe de 14.306,18 euros.

Segundo: Aprobar o padrón fiscal da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar- **libre concorrencia** correspondente ao mes de novembro de 2016 (…) cun total de 10 usuarios e por un importe de 438,66 euros.

Terceiro: Os padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 DÍAS, a contar desde o día seguinte á publicación do anuncio no BOP. O presente anuncio ten carácter de

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e artigo 24 do RXR.

O prazo de cobro, en período voluntario, será de dous meses, e comprenderá desde o 14 de decembro de 2016 ata o 14 de febreiro de 2017, ámbolos dous inclusive. Transcorrido este prazo, procederase a esixir os xuros de mora e os recargos que establecen os artigos 26 e 28 da Lei xeral tributaria e, no seu caso, as costas derivadas do procedemento de prema.

Cuarto: Proceder ao seu cobro por vía telemática a través do Cuaderno 19.

Quinto: Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas aos padróns, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes ante a Xunta de Goberno Local.

Sexto: Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado desde o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados desde o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES a contar desde o día seguinte ó da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Nembargantes, si se considera convinte, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

10 **.- DAR CONTA DE VARIAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA RELATIVAS AOS CARGOS DE PROTECCIÓN CIVIL: B 62/14; B5/15; B 6/15; B 7/15; B 10/15; B 15/15; B 16/15; B 16/15; E B 17/15.**.-
Dase conta de diversas resolución por cargos a particulares de actuacións de protección civil.

11º.- ROGOS E PREGUNTAS
Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a xuntanza, sendo as 11:20 horas da data indicada na cabeceira, en proba de todo o que se estende a presente acta que é asinada polo Sr. alcalde comigo o secretario xeral que DÁ FE.
V. e pr.

A ALCALDESA ACCTAL. O SECRETARIO XERAL

Asdo.- MARIAN FERREIRO DIAZ Asdo.- ALFONSO DE PRADO FDEZ.-CANTELI

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es